






| | | |
|---|---|--|
|      | Consello da Avogacía Galega Consello Servizos Especiais Dereito Boletíns | <input style="width: 90%;" type="text" value="Buscar no web"/> |
|---|---|--|

| | | |
|---|---|--|
| <p style="text-align: center; margin: 0;">SECCIÓNS</p> <p style="margin: 0;">Arbitraxa, Mediación e ADRs</p> <hr style="border: 0; border-top: 1px solid black; margin: 0;"/> <p style="margin: 0;">Lexislación</p> | <p>Proponse a creación dun Observatorio da Arbitraxa e a Mediación para solucionar a saturación da xustiza ^[^] Publicado o mércores 21 de xuño do 2006.</p> <p style="text-align: right;">  -  -  e-mail - Visto 111 veces </p> <p style="text-align: right;">Estás en Arbitraxa, Mediación e ADRs ></p> <p>A Asociación Comunitaria de Arbitraxa e Mediación (ACAM) reclama nun comunicado a creación dun Observatorio da Arbitraxa e a Mediación para resolver o problema de saturación da xustiza, a través de solucións extraxudiciais.</p> <p>ACAM considera que "non todos os conflitos deben rematar nos tribunais", porque "hai moitos procesos civís e mercantís que poderían ir por outra vía máis rápida".</p> <p>Neste sentido, o director executivo de ACAM, Ignacio de Gorgolas, considera de "cultura" o problema da xustiza e asegura que "é necesario traballar na desxudicialización da vida española" para que "os tribunais queden para os asuntos máis graves".</p> <p>Ao seu xuízo, unha resposta extraxudicial aos conflitos beneficiaría sobre todo ao empresario español, xa que, segundo di, "un tecido empresarial como o español, formado na súa maioría por pequenos e medianos empresarios, non pode perder tempo e diñeiro preiteando nos tribunais, xa de por si colapsados".</p> <p>Pese a recoñecer os avances da arbitraxa en materia de consumo e no campo internacional, ACAM insiste na necesidade de promover as solucións extraxudiciais "a nivel doméstico" e facer "un esforzo divulgador importante por parte dos poderes públicos", para que o cidadán coñeza a oferta que existe de arbitraxa.</p> <p>O observatorio</p> <p>Sobre a composición do Observatorio, ACAM propón sentar na mesa de traballo ao colectivo xurídico, a través do Foro pola Xustiza, aos empresarios, mediante as súas patronais, ás universidades, ás organizacións de consumidores e demais asociacións profesionais con suficiente peso específico.</p> <p>Ademais, o colectivo convida a participar neste Observatorio ás Cortes de Arbitraxa que o desexen, aos propios medios de comunicación, así como á Administración.</p> <p>En concreto, a asociación considera "fundamental" que todas as forzas políticas e estamentos sociais advirtan de "a necesidade de crear e fomentar unha vía alternativa á xustiza ordinaria".</p> <p>Ademais, insta á Administración a "organizar unha campaña divulgativa en diferentes medios informativos que eduque" á sociedade sobre a arbitraxa. Tamén reclama o apoio da avogacía cara a arbitraxa e a mellora da formación específica dos árbitros.</p> | <p>Nas mesmas datas...</p> <p>Anterior: A ONU condena o asasinato dun avogado defensor do xuízo a Sadam Husein quen se declara en folga de fame 21 de xuño do 2006</p> <p>Posterior: A avaria informática que paralizou a actividade dos xulgados de Vigo durante tres días xa está solucionada 22 de xuño do 2006</p> |
|---|---|--|

Finalmente, salienta "a necesidade de desenvolver diversos procesos formativos e accións divulgativas para que o empresario inclúa a cláusula de arbitrax" para que *a posteriori* se poida acudir a ela.

[\[Volver a sección de orixe ^\]](#)

| | | | | | | |
|---------------------------|----------------------|---------------------------|----------------------------|-----------------------------|------------------------|---|
| Portada | Mapa | Contactar | Utilidades | Usuarios | Atallo | Admin |
| Avogacia.org © desde 2000 | | | Cast | Información | Gal |  Arriba |

//